

Líder

BASKET



72

51

TEMOS NOVO CAMPIÓN

O Suministros Carreiras San Ciprián-Burela é o novo campión Provincial cadete. A xeración de xogadores que dirixe Manolo Cobas conseguiu por fin un título que levaba tres tempadas acariñando tras impoñerse na Veiga ao Estudiantes Azul



LIGA GALEGA PREINFANTIL

Estudiantes presenta candidatura

Tras impoñerse a Marín no Anexo, os de Nico Fernández son unha realidade para loitar polo título galego ao encadear catro meses sen coñecer a derrota

LIGA GALEGA MINIBASKET

Maristas volveu á senda da vitoria



MARISTAS 49 - 47 JESUITINAS

LIGA GALEGA JÚNIOR FEMININA

Última xornada con duelos directos entre equipos play off

Ensoño recibe a Rosalía e Estudiantes visita a Peleteiro. Os catro disputarán tamén a final A4

REPORTAXE

Presentado na Deputación o IV Campus Álex Llorca

O Deputado de Deportes Pablo Rivera acompañou ao xogador do Fuenlabrada no acto que se levou a cabo no Pazo de San Marcos

O Durán Maquinaria Ensino chega en boa forma á hora da verdade

ÚLTIMA XORNADA DE INFARTO NA LIGA GALEGA JÚNIOR FEMININA, na que se miden entre si os catro equipos que disputarán os Play Off sen estar definidos tres dos catro postos

“Partido que empezamos con muy poca tensión y acabamos haciendo bien muchas cosas”

MIGUEL LÓPEZ, Durán Maquinaria

54	94		
PONTEVEDRA	ENSINO		
Xogadora	Pts.	Xogadora	Pts.
Reguera		Marina	3
Pimentel		Natalia M.	8
García		Carmen	29
Cañeira		Leboreiro	26
Fontal		Maite	8
Iglesias		Natalia G.	10
Fontanes		Tania	10
Brea			
Jiménez			
Figueira			
López			

O Durán Maquinaria Ensino chega á hora da verdade, na que se xoga todo, en bo estado de forma e nunha situación que asinarían ao comezo de tempada.

O conxunto que dirixe Miguel López depende de si mesmo para ser cabeza de serie nos Play Off. Para iso

deben gañar nunha última xornada na que o baile entre o terceiro e quinto posto depende do último encontro. O Ensino chega terceiro ao desenlace final no que recibe no Anexo a Rosalía, gañando serán terceiras, mentres que unha derrota pódelles levar ao cuarto ou ao quinto posto, dependendo do resultado doutro enfrontamento directo que mide a Peleteiro con Estudiantes en Santiago.

Na última xornada midense os catro equipos que xogarán por unha praza no Campionato de España.

Para chegar con estas opcións á última xornada o Ensino tivo que facer os deberes en Pontevedra, e as



Miguel López dá instrucións ás súas xogadoras nun tempo morto no Anexo

de Miguel López aprobaron con nota nun encontro no que foron de menos a máis.

Xa no quencemento palpábase un exceso de relaxación nas lucenses, ao medirse ao último clasifi-

cado, que se confirmou nos primeiros minutos e alargouse ao longo do primeiro cuarto no que as locais levaron a iniciativa no marcador ante a falta de intensidade lucense, 18-17.

O toque de atención espertou a un Ensino que desde o primeiro minuto do segundo parcial cambiou o rumbo do encontro. As lucenses minimizaron os erros e puxéronse o mono

de traballo dando un paso á fronte en defensa, roubando balóns e anotando en rápidas transicións con facilidade para darlle a volta ao marcador e chegar ao descanso con 27-45 tras un segundo parcial de 9-28.

Tralo descanso o Ensino pasou por momentos de asfixia ao notar o cansazo acumulado, pero o acerto en ataque mantivo as distancias e ata as ampliaron cun terceiro parcial de 18-26, mentres que nos dez últimos minutos as lucenses afinaron puntería e gañaron en sensacións de cara á última xornada e os Play Off nos que o conxunto de Miguel López, pese a non partir como principal favorito, espera sacar o billete a Avilés para disputar o que sería o cuarto Nacional júnior consecutivo ao que acode o Durán Maquinaria Ensino.

Estudiantes curou as feridas ante Bosco na segunda parte

33-33 AO DESCANSO, pero máis 22 tralo intermedio no Anexo

81	59
ESTUDIANTES	BOSCO
Xogador	P.
Janusevicius	18
Mark	8
Iago	10
Lucas	17
Diego	4
Iván	13
Jorge	6
Pedro	4
Ollolqui	1
Alberto	
Trabado	

Xogador	P.
Rey	
Alvarez	
Pereira	
Seara	
López	
Rodríguez	
Iglesias	
González	
Prieto	
Alvarino	

Estudiantes tomou o mellor tratamento posible para curar as feridas que lle deixou o encontro ante Peleteiro. Os de Marcos López volveron xogar moi pronto, xa que o encontro ante Bosco disputouse o pasado martes no Anexo. Un partido no que o tratamento tardou en facer efecto vinte minutos.

Na primeira parte o equipo estivo lonxe do seu nivel, desconcentrados e cansos fisicamente e mentalmente, polo que nunca estiveron metidos

“Los partidos hay que jugarlos del mismo modo durante los cuarenta minutos”

MARCOS LÓPEZ, Estudiantes Lugo

do todo no partido.

Os dous parciais iniciais de 19-19 e 14-14 deixaban o marcador nun sorprendente empate a 33 ao descanso.

No intermedio Marcos López conseguiu cambiar o rumbo do encontro, mentalizou aos seus xogadores e o equipo deu un paso á fronte. Estudiantes empezou a defender mellor os uns para un e con iso o equipo gañou confianza en ataque para ir desnivelando o marcador co paso dos minutos na segunda parte, que terminou de novo con dous parciais idénticos, pero nesta ocasión a favor de Estudiantes, 24-13, para asinar un máis 22 no computo xeral dos segundos vinte minutos

do encontro no Anexo.

Con esta vitoria e a falta dunha xornada os lucenses aínda teñen opcións de ser campións. A principal opción dos celestes pasa polo encontro que se disputará este xoves en Santiago, onde se miden Peleteiro e Rosalía nun derbi no que unha vitoria de Rosalía levaría a Estudiantes ao primeiro posto a falta dunha xornada.

Última xornada

Estudiantes despedirá a Liga regular en Santiago ante Rosalía. Un equipo que pode facerlles campións ou que pode ser un rival directo nos play off. Os composteláns rematan a Liga Regular enfrontándose aos dous primeiros clasificados.



Iván a piques de lanzar a canastra por riba dun rival nun encontro deste ano

1

OPCIÓN DE SER CAMPIÓN

O xoves en Santiago midense Obradoiro e Rosalía nun derbi no que de gañar Rosalía, Estudiantes chegaría líder á última xornada

4

CUARTOS

nos que tralos empates a 19 e 14 nos dous primeiros, os dous da segunda metade remataron con idéntico resultado, 24-13

4

XOGADORES

en dobres díxitos. Janusevicius con 18, Iago 10. Lucas 17 e Iván 13 foron os máximos anotadores ante Bosco Salesianos no Anexo

O Ensino aséntase en postos de Play Off tras impoñerse en Vigo

CON CINCO VITORIAS E CINCO DERROTAS nesta segunda fase, comparten terceiro posto con Estudiantes e Bosco, tras gañar a Colegio Mariano grazas a un gran segundo parcial

41	46		
C. MARIANO	ENSINO		
Xogadora	Pts.	Xogadora	Pts.
García		Maite	12
Castro		Sabela	4
Rodríguez		Nerea	4
Moreiras		Silvia	
Estévez		Nuria	13
Rodríguez		Lorena	
Santas		Natalia	7
Andrés		Ana	6
		Lucía	
		Mencia	

O Cafés Candelas Ensino conseguiu en Vigo unha importante vitoria tras impoñerse por un axustado 41-44 a Colegio Mariano. Con esta vitoria o conxunto que dirixe Adrián González aséntase en postos de Play Off e mete dúas vitorias de marxe sobre sexto e sétimo clasificados, BBKA e Colegio Mariano respectivamente.

O encontro valia o seu peso en ouro e os dous equipos acusaron a pre-

“Tan solo me queda felicitar a las jugadoras por el esfuerzo y seguir trabajando más duro cada día”

ADRIÁN GONZÁLEZ Cafés Candelas Ensino

sión nos primeiros minutos de xogo, custándolle moito a ambos anotar con fluidez nun primeiro parcial que se pechou cun axustado 13-8. Os segundos dez minutos foron clave para o transcurso do encontro e para a vitoria lucense. Neste segundo cuarto as lucenses romperon a igualdade ao anotar con moita facilidade grazas ao dominio no rebote, tanto ofensivo, co que dispuxeron de segundas opcións, como no defensivo, grazas ao cal puideron correr e anotar en rápidas transicións.

O 6-20 de parcial no segundo cuarto deixaba o marcador en 19-28 ao descanso, polo que de cara

á segunda parte o Ensino tiña marxe para xogar un pouco co resultado.

Adrián González mentalizou ao seu equipo da importancia dos primeiros minutos da segunda parte, nos que as locais intentarían meterse de novo na loita pola vitoria. O Ensino igualou a intensidade e chegou aos últimos dez minutos con máis cinco no marcador. Unha renda que souberon administrar as lucenses cunha defensa sólida que tan só encaixou dez puntos nos últimos dez minutos, mantendo deste xeito a vantaxe para sumar unha vitoria que vale o seu peso en ouro ante Colegio Mariano.

+14

NO SEGUNDO PARCIAL

Nun partido que se presumía de poder a poder, o Ensino puxo terra de por medio no marcador no segundo cuarto cun parcial de 6-20

13

PUNTOS DE NURIA máxima anotadora do Ensino en Vigo. Un punto menos asinou Maite, sendo as dúas únicas xogadoras que remataron en dobres díxits

4º

POSTO para o Ensino, que empatou con Estudiantes e Bosco. As de Adrián González contan con dúas vitorias máis que BBKA e Colegio Mariano pola loita que se libra por entrar nos Play Off



Sabela botando o balón nun partido disputado no Anexo

Celta exhibiu potencial no Anexo

ESTUDIANTES estivo en partido, pero o líder impuxo a súa lei

46	71		
ESTUDIANTES	CELTA		
Xogadora	Pts.	Xogadora	Pts.
Carlota		Comesaña	
Candela	5	Yañez	
Yashina	12	Prieto	
Enma	3	Vázquez	
Marta		Castaño	
Claudia	12	Gil	
Alejandra		Felipe	
Laura	7	García	
Carla	7	Estévez	
Marta		Padín	
Cristina		Mendoza	



Sise Peinó xunto a Claudia, Luara e Enma

O Celta de Vigo segue exercendo a súa autoridade na Liga Galega cadete, na que suman todos os encontros disputados por vitorias, 18 en total no que vai de tempada. A última no Anexo ante Estudiantes nun partido adiantado ao pasado luns e con cambio de escenario, xa que estaba previsto que se disputase en Vigo.

Un parcial inicial de 0-12 para o Celta obrigou a Sise Peinó a pedir un tempo morto co que cambiou o guión do encontro, xa que a partir de aí Estudiantes igualou for-

“Quitando el primer cuarto creo que competimos muy bien ante el mejor equipo de esta competición”

SISE PEINÓ Estudiantes Lugo

zas e chegou ao descanso metido no partido con menos dez no marcador.

Pese a iso, a sensación era de superioridade por parte dun Celta que cando o necesitaba apertaba o acelerador e volvía tomar vantaxe cun persoal co que todas as xogadoras serían titulares en calquera equipo da competición.

Ao final, Estudiantes

-10

AO DESCANSO

Estudiantes reaccionou a un parcial inicial de 0-12 mantendo as distancias no marcador durante gran parte do encontro

caeu coa cabeza alta ante un equipo que conta as xornadas para alzarse cun novo título Galego.

Estudiantes saiu con vida de Vigo

VITORIA NO TEMPO EXTRA ante o último clasificado tras un apagón

82	90		
SEIS DO NADAL	ESTUDIANTES		
Xogador	Pts.	Xogador	Pts.
Faide		Sergio	8
Andi		Eloy	2
Herrero		Jorge	9
Enrique		Iker	3
Montero		Anxo	6
Capela		Garabito	1
Vila		Alvaro	16
González		Ollolqui	21
Sánchez		Dani	5
Remero		Durán	
Rabadán		Pedro	19



Manuel Durán encarando a un xogador rival

Estudiantes meteuse nun lio e levouse un bo susto que puido remediar na prórroga para impoñerse a Seis do Nadal, último clasificado.

Os celestes foron moi irregulares ao longo do encontro, con picos de bo xogo nos que marcaron distancias con facilidade, pero alternados con momentos de desconexión que case lle custan a vitoria, como un último parcial de 12-2 nos últimos tres minutos que levou o partido á prórroga.

Ata entón os ataques impuxéronse ás defensas cun primeiro parcial

“Tenemos que ser mucho más constantes, jugando a ratos un día nos llevaremos un buen disgusto”

JAVI PEINÓ Estudiantes Lugo

moi avultado de 24-26. No segundo mantívose a igualdade, 14-13 para chegar ao descanso cun axustado 38-39.

Na segunda parte Estudiantes púxose o mono de traballo en defensa e con iso tivo unha renda de máis 12 no terceiro cuarto que parecía definitiva. Con todo, un apagón nos tres últimos minutos mete a Seis do Nadal no partido cun parcial

12-2

PARCIAL non últimos tres minutos cos que Seis do Nadal forzou a prórroga na que Estudiantes reaccionou a tempo

de 12-2 que levou o partido á prórroga, nela Estudiantes volveu recuperar o ton defensivo do terceiro cuarto e cun parcial de 7-15 puxo fin á resistencia local.

Vitoria por traballo e calidade

ESTUDIANTES ESTIVO MÁIS ACERTADO NOS MOMENTOS CLAVE dun encontro máis trabado que vistoso no que as de Julia Pena estrearon a conta na segunda fase



Lucía coa pelota ante a presión dunha xogadora rival



A celeste Nerea a piques de realizar un pase

54		42	
ESTUDIANTES		CARMELITAS	
Xogadora	Pts.	Xogadora	Pts.
Candela		Calvo	
Maria		Iglesias	
Iria		Fernández	
Nerea		Veiga	
Naiara		Marín	
Lucía		Fernández	
L. Mesa		Ferreras	
Carolina		Tabello	
Celia		Soto	
L. Martín		Fontenla	

Estudiantes chega ao parón da competición non se xoga a próximo fin de semana na Liga Galega infantil feminina instalado en postos de play off tras asinar a súa primeira vitoria nesta segunda fase da competición.

As celestes, lonxe do seu mellor momento, esperan recuperar efectivos e sensacións nestes quince días sen competición co plus que lles deu reencontrarse coa vitoria ante Carmelitas no Anexo.

O encontro, lonxe de ser vistoso, estivo marcado polas imprecisións e desnivelado no marcador pola maior calidade individual das lucenses.

“No fue un partido brillante, pero sí muy trabajado por parte del equipo”

JULIA PENA Estudiantes Lugo

Estudiantes perdoou moito en situacións de anotar fácil baixo o aro, polo que Carmelitas mantívose relativamente cerca no marcador.

O primeiro e terceiro cuarto foron claves para alzarse coa vitoria tras impoñerse con 18-11 e 16-9 en cadanseu parciais. No segundo, sobre todo, a defensa celeste pasou por momentos de desconexión, 10-13. Mentres que nos últimos dez minutos as de Julia Pena mantiveron as diferenzas para alzarse coa súa primeira vitoria nesta segunda fase.

Na próxima xornada, que se disputará a fin de semana do 6-7 de abril, Estudiantes visita a pista do líder, Bosco Salesianos.



Maria nun dous para un na pintura por diante de Laura



Laura Martín facendo unha entrada ante Iria

CB Burela volve alzar o voo

SEGUNDA VITORIA CONSECUTIVA dos de Manolo Cobas

47		59	
RÍO OURENSE		CB BURELA	
Xogador	Pts.	Xogador	Pts.
Martínez		Alvaro Ben	11
Garza		Carlos	17
González		Alvaro Fdez.	
Maside		Daniel	
Sena		Marcos	21
Gulíñ		Luis	1
Pumar		Fabio	
Salor		Diego	9
Varela			
Cruz			
Martínez			
Carrera			



O mariño Luis nun encontro xogado no Anexo

“Seguimos pregresando individual y colectivamente”

MANOLO COBAS CB Burela

O Academia A Mariña Burela sumou a súa segunda vitoria na Segunda fase, na que os de Manolo Cobas, malia seguir con tanto con ausencias, están recuperando as boas sensacións.

Logo de tres encontros nos que gañaron dous e perderon un por un punto a domicilio, o Burela sumou a súa segunda vitoria seguida en Ourense, nun partido no que minimizaron erros, tiveron unha boa circulación de balón e boas porcentaxes no tiro. Pero sobre todo a clave neste encontro estivo na capacidade reboteadora do

equipo en ambas pinturas.

Os mariños tomaron o mando no marcador desde o inicio cun primeiro parcial de 13-22 e déronlle continuidade no segundo ao impoñerse 9-11 para chegar ao descanso con 22-33 no electrónico.

Na segunda parte Burela rompeu o encontro definitivamente no terceiro parcial, no que non concedeu segundas opcións ao dominar o rebote defen-

sivo e cargou moi ben o ofensivo para sentenciar o partido cun terceiro parcial de 9-17, mentres que nos últimos dez minutos os ourensáns maquillaron un pouco o marcador final cun último parcial de 16-9, xa co encontro completamente visto para sentenza.

A próxima xornada do Academia A Mariña Burela será dentro de quince días ante Blanco Amor en Vista Alegre.

O líder non admite altibaixos

BOSCO SALESIANOS mantén o pleno de vitorias na competición

52		70	
ESTUDIANTES		BOSCO	
Xogador	Pts.	Xogador	Pts.
Miguel		García	
Cris		Rey	
Mani		Vilán	
Joel		Rodríguez	
Brais		Cabido	
Oscar		Lorenzo	
Diego		Otero	
Fabio		López	
Ruano		Rodríguez	
		Arias	
		Crujeiras	

Bosco Salesianos asinou no Anexo a súa décimo sétima vitoria da tempada noutros tantos encontros disputados, 14 na primeira fase e 3 nesta segunda.

A cita presentábase máis que esixente para Estudiantes, conscientes de que para ter opcións os lucenses necesitaban facer un partido practicamente perfecto ante o que ata a data é o gran dominador do baloncesto galego infantil. Estudiantes estivo ben, pero con altibaixos en defensa que ante un equipo como Bosco reduce as opcións de vitoria.

“Debemos mejorar defensivamente para rendir mejor en una liga tan competitiva”

ANGEL RIOBÓO Estudiantes Lugo



Diego Serguei gañando a liña de fondo ante un rival



O celeste Cristian a piques de superar a un rival



Rozas cara a pintura seguido dun xogador rival



Santi a piques de facer unha bandexa



Mario protexe o balón ante a presión de Marín



Leo cara a pintura nunha acción de ataque



Mateo a piques de finalizar unha entrada a canastra

Estudiantes é un serio candidato ao título

OS DE NICO FERNÁNDEZ suman por vitorias todos os encontros disputados nos últimos 4 meses. O último triunfo, ante Marín no Anexo

55		48	
ESTUDIANTES		MARÍN	
Xogador	Pts.	Xogador	Pts.
Dani	2	Suárez	
Leo	4	Castro	
Bernal		Pazos	
Rozas	7	Villar	
Serguei	19	Casal	
Antón	1	Santamaría	
Mario		Omil	
Isma		Fernández	
Mateo	2	Pons	
Pablo	14	Tomé	
Santi	6		

Estudiantes presentou formalmente a súa candidatura ao título Galego preinfantil masculino. Os de Nico Fernández manteñen unha liña ascendente de xogo e

“Estoy muy orgulloso de este equipo. Siempre quieren ganar y trabajan duro para conseguirlo” **NICO FDEZ.** Estudiantes

resultados que lles fai ser o equipo máis en forma da competición, sen perder un partido desde novembro e gañando con solvencia aos teóricos favoritos a un título Galego preinfantil, ao que opositan con forza os celestes.

Marín presentouse no Anexo coa alerta activada tras perder na súa anterior visita a Lugo, pero Estudiantes quixo e deu un golpe de

autoridade.

Conscientes de que a ausencia de Brais, un dos piares ofensivos do equipo sería importante, todos os xogadores deron un paso á fronte para minimizar no posible a súa ausencia, asinando unha gran posta en escena coa que tomaron o mando no marcador cun parcial de 14-9 no primeiro cuarto.

No segundo mantívose o

guión, ata cun Estudiantes máis solto en ataque ante un Marín sen capacidade de resposta, chegando ao descanso con 30-20.

Esperábase a reacción visitante na segunda parte e chegou con canastras de moito mérito ben defendidas por Estudiantes, recortando distancias ata os cinco puntos cos que se chegou aos últimos dez minutos. Neles, tras superar uns momentos de dúbidas ante un bo Marín, Estudiantes foi mellor e plasmouno impoñéndose ao líder e presentando a súa candidatura oficial ao título.

Un triunfo de equipo cos mellores desexos para Sara

A XOGADORA CELESTE será entrevistada quirúrxicamente o xoves

44		42	
ESTUDIANTES		C. MARÍA	
Xogadora	Xogadora		
Laura Martín	Poboa A.		
Maria Álvarez	Martínez X.		
Maria Castro	Alvergard C.		
Paula Álvarez	Rivero A.		
Aroa Piñeiro	Hernández M.		
Dani Prado	Vidal A.		
Sara Pedreira	Fernández J.		
Paula López	Castro M.		
Daniela Glez.	Cabaleiro A.		

Estudiantes quería a vitoria no Anexo e conseguíuna. Primeiro para dedicarlle a Sara, que o xoves será entrevistada quirúrxicamente da lesión que sufriu no xeonillo, e en segundo lugar para volver á senda da vitoria e recuperar a normalidade na medida do posible tralas últimas semanas nas que as lesións cebáronse coas de Gemma Souto.

As ganas de agradar notáronse desde os primei-

“Pese a haber sido un partido marcado por las ausencias, el equipo ha demostrado que se hace muy grande frente a las adversidades. Seguimos creciendo juntas. Enhorabuena chicas”

GEMMA SOUTO Estudiantes Lugo

ros minutos cun xogo dinámico e coas xogadoras moi activas, propiciando roubos e canastras fáciles. Pero Compañía de María demostrou que non estaba de paso e nos tres últimos minutos do primeiro cuarto conseguiu empatar o encontro a 13 puntos.

No segundo Estudiantes tivo problemas ante a presión rival, polo que ao descanso chegouse con 23-24. Xa na segunda parte, no

terceiro cuarto Estudiantes xogou os seus mellores minutos, saíndo ben da presión e atentas en defensa para impoñerse cun parcial de 14-2. Con máis 11 chegouse aos últimos dez minutos, nos que Estudiantes atopouse moi mermado fisicamente polo esforzo e as ausencias coas que afrontaron este encontro, pero con traballo e orgullo mantiveron a vantaxe ata o final pese a encaixar un último parcial de 7-16.



Aroa mira o aro tras superar a unha xogadora rival ante a mirada de Gemma



Daniela G. facendo unha bandexa



María Castro nunha xogada de ataque

JÚNIOR 1º DIV. MASCULINA

RESULTADOS				
Estudiantes – Salesianos	81-59			
Obreiroiro – Rosalia	81-72			
C. Ourense – Seis Nadal	61-52			
PBB A – Sigaltec	69-40			
B. Ferrol – Blanco Amor	56-85			
B. Coruña – Tui	Xoves			

CLASIFICACIONES						
Equipo	X	G	P	Nº	PF	PC
ESTUDIANTES	21	20	1	0	1905	1323
OBROIROIRO	20	19	1	0	1626	1052
TUI SETA	21	13	8	0	1532	1434
BASKET FERROL	21	12	9	0	1479	1370
ROSALIA	20	13	7	0	1516	1400
CLUB OURENSE	21	11	10	0	1352	1414
SIGALTEC	21	10	11	0	1301	1428
BOSCO	21	8	13	0	1316	1317
PBB A	21	8	13	0	1242	1452
SEIS DO NADAL	21	6	15	0	1248	1547
B. CORUÑA	21	3	18	0	1245	1650
BLANCO AMOR	21	2	19	0	1209	1584

ÚLTIMA XORNADA				
Rosalia – Estudiantes	Bosco – PBB A			
Seis Nadal – B. Ferrol	Tui – C. Ourense			
Sigaltec – B. Coruña	Blanco Amor – Obreiroiro			

JUNIOR 2º DIV. MASC. G-I

RESULTADOS						
Culleredo – H. Ferreiro						89-37
Esclavas – Ribadeo						54-62
B. Coruña – Carballo						---
CLASIFICACIONES						
Equipo	X	G	P	NP	PF	PC
CARBALLO	7	7	0	0	511	254
BASQUET CORUÑA	7	6	1	0	475	378

PRÓXIMA XORNADA				
H. Ferreiro – Esclavas	Ribadeo – Carballo			
Culleredo – B. Coruña				

JUNIOR 2º DIV. MASC. G-II

RESULTADOS						
Naron – Betanzos						77-86
Baxi Ferrol – CB Viveiro						57-46
Cambre – Estudiantes						52-57
CLASIFICACIONES						
Equipo	X	G	P	NP	PF	PC
ESTUDIANTES	8	7	1	0	565	439
BETANZOS	8	5	3	0	555	438
BAXI FERROL	8	4	4	0	525	496
C. B. VIVEIRO	8	3	5	0	422	456
NARON	8	3	5	0	460	540
CARS CAMBRE	8	2	6	0	490	545

PRÓXIMA XORNADA				
Estudiantes – Baxi Ferrol	CB Viveiro – Betanzos			
Cambre – Naron				

JUNIOR 2º DIV. MASC. G-III

RESULTADOS						
BBCA – La Paz						79-59
Los Rosales – Arteixo						79-55
B. Coruña – Maristas						46-80
CLASIFICACIONES						
Equipo	X	G	P	Nº	PF	PC
MARISTAS CORUÑA	5	5	0	0	336	237
LOS ROSALES	4	4	0	0	323	206
SANTA Mª DEL MAR	4	3	1	0	244	201
BURELA JUV MASC	4	3	1	0	276	231
LICEO LA PAZ	6	1	5	0	379	400
CB ARTEIXO	5	2	3	0	278	281
BBCA CARINO	5	1	4	0	250	358
BASQUET CORUÑA	5	0	5	0	225	397

PRÓXIMA XORNADA				
Mª del Mar – B. Coruña	Maristas – Los Rosales			
Arteixo – Burela				

CADETE 2º MASCULINO

RESULTADOS				
Ensino – Sagrado	79-36			
Est. Rojo – Ribadeo	52-75			
Design Sarria – MGR Sarria	31-71			
San Ciprian – Est. Azul	72-51			

CLASIFICACIONS						
Equipo	X	G	P	Nº	PF	PC
SAN CIPRIAN	14	13	1	0	976	583
C.B. RIA DE RIBADEO	14	10	4	0	1044	700
ESTUDIANTES AZUL	13	10	3	0	848	705
ENSINO LUGO	14	9	5	0	807	607
C. B. VIVEIRO	14	8	6	0	806	730
MGR C. B. SARRIA	15	6	9	0	809	827
SAGRADO CORAZON	15	3	12	0	667	969
ESTUDIANTES ROJO	13	4	9	0	712	781
DESIGN C. B. SARRIA	14	0	14	0	389	1156

PRÓXIMA XORNADA				
San Ciprian – Est. Rojo	MGR Sarria – Ensino			
Design Sarria – Ribadeo	CB Viveiro – Est. Azul			

CADETE 1º DIV. MASC. A-1

RESULTADOS				
CB Tui – Rosalia	74-67			
Seis Nadal – Estudiantes	82-90			
Novobasket – Obreiroiro	52-78			
Peleteiro – Culleredo	75-77			

CLASIFICACIÓNS						
Equipo	X	G	P	NP	PF	PC
OBROADORO	10	8	2	0	756	598
C.B.TUI MASCATO	10	7	3	0	715	693
ESTUDIANTES	10	7	3	0	732	691
ROSALIA CASTRO	10	6	4	0	787	715
NOVOBASKET	10	5	5	0	689	727
KFC CULLE	10	3	7	0	616	711
PELETEIRO	10	3	7	0	710	785
SEIS DO NADAL	10	1	9	0	557	642

PRÓXIMA XORNADA				
CB Tui – Culleredo	Novobasket – Estudiantes			
Seis Nadal – Rosalia	Obreiroiro – Peleteiro			

PREINFANTIL MASC. A-1

RESULTADOS				
Culleredo – PBB B	65-60			
Estudiantes – Marin	55-48			
Naron – CB Tui	77-27			
Novobasket – Maristas Lugo	Apr.			

CLASIFICACIONES						
Equipo	X	G	P	NP	PF	PC
MARIN	9	7	2	0	546	480
NARON	9	6	3	0	560	440
ESTUDIANTES	9	6	3	0	582	492
MARISTAS LUGO	8	6	2	0	485	501
KFC CULLE	9	4	5	0	536	553
NOVOBASKET	8	3	5	0	521	474
PBB "B"	9	2	7	0	513	569
CB TUI	9	1	8	0	480	714

PRÓXIMA XORNADA				
PBB B – Estudiantes	Novobasket – Culleredo			
CB Tui – Maristas Lugo	Marin – Naron			

MINIBASKET 2º MASCULINO

RESULTADOS				
Franciscanos – M. Aux.	16-67			
Est. Azul – CB Sarria	46-67			
Celtas – Ribadeo	----			
Est. Rojo – Cidade	40-80			
Galen Ensino – CB Viveiro	39-53			

ESTUDIANTES AZUL	13	8	5	0	648	552
C. B. SARRIA	13	7	6	0	589	554
MARÍA AUXILIADORA	13	7	6	0	593	505
CB VIVEIRO	11	7	4	0	575	399
GALEN ENSINO	13	4	9	0	523	618
ESTUDIANTES ROJO	12	3	9	0	413	653
FRANCISCANOS	12	1	11	0	225	716
CB RIA DE RIBADEO	12	1	11	0	184	664

PRÓXIMA XORNADA				
Est. Azul – Ribadeo	M. Aux. – Galen Ensino			
Cidade – Franciscanos	CB Viveiro – Celtas			
CB Sarria – Est. Rojo				

PREMINI 2º MASCULINO G-A

RESULTADOS				
Est. Rojo – Maristas	77-36			
CB Sarria – CB Viveiro	----			
Burela – Est. Azul	71-59			

CLASIFICACIONES						
Equipo	X	G	P	NP	PF	PC
ESTUDIANTES AZUL	7	6	1	0	467	243
ESTUDIANTES ROJO	8	5	3	0	457	353
BURELA	8	4	4	0	438	385
C. B. SARRIA	6	5	1	0	321	165
MARISTAS LUGO	8	2	6	0	248	476
C. B. VIVEIRO	7	0	7	0	97	406

PRÓXIMA XORNADA				
Est. Azul – CB Sarria	CB Viveiro – Est. Rojo			
Maristas – Burela				

PREMINI 2º MASCULINO G-B

RESULTADOS				
Galen Ensino – G. Naranja	Apr.			
Cidade – Franciscanos	80-29			

CLASIFICACIONES						
Equipo	X	G	P	NP	PF	PC
CIDADE DE LUGO	7	7	0	0	399	204
EST. BLANCO	6	3	3	0	285	239
GALEN ENSINO	6	3	3	0	269	220
FRANCISCANOS	6	2	4	0	178	315

PRÓXIMA XORNADA				
Franciscanos – Est. Blanco	G. Naranja – Cidade			

INFANTIL 1º DIV. MASC. A-1

RESULTADOS				
Rosalia – Marin	70-43			
B. Coruña – Novobasket	78-58			
Sigaltec – Culleredo	51-75			
Estudiantes – Bosco	52-70			

CLASIFICACIONS						
Equipo	X	G	P	NP	PF	PC
BOSCO	9	9	0	0	641	482
INSTITUTO ROSALIA	9	7	2	0	641	540
ESTUDIANTES	9	5	4	0	678	643
KFC CULLE	8	5	3	0	572	525
MARIN	9	4	5	0	530	536
BASQUET CORUÑA I	9	3	6	0	604	609
NOVOBASKET	8	2	6	0	501	546
SIGALTEC	9	0	9	0	432	718

PRÓXIMA XORNADA				
Sigaltec – B. Coruña	Novobasket – Rosalia			
Bosco – Culleredo	Marin – Estudiantes			

INFANTIL 1º DIV. MASC. A-2

RESULTADOS				
Seis Nadal – Peleteiro	60-75			
R. Ourense – Burela	47-59			
B. Amor – Maristas	65-57			
PBB A – B. Ferrol	73-40			

CLASIFICACIÓNS						
Equipo	X	G	P	Nº	PF	PC
PELETEIRO	9	9	0	0	587	314
PBB A	9	7	2	0	563	479
SEIS DO NADAL	9	5	4	0	613	540
BURELA OS MASC.	9	5	4	0	543	450
RIO OURENSE	9	5	4	0	534	528
BASKET FERROL	9	4	5	0	450	559
EDO BLANCO AMOR	9	1	8	0	385	564
MARISTAS	9	0	9	0	372	613

O Burela abre a loita polo título e as prazas para a Liga Galega

EN PREMINIBAKET MASCULINO A vitoria das burelás en Vista Alegre pon a liga ao roxo vivo, á espera do duelo decisivo da vindeira xornada entre Estudiantes Azul e CB Sarria

Burela Camiña Eu Son reivindicouse en Vista Alegre cunha vitoria ante Estudiantes Azul que deixa a Liga ao roxo vivo. Os burelaos remataron coa imbatibilidade dos celestes, que non perderan ningún encontro no que vai de temporada cun marcador claro, 71 a 59, aínda que insuficiente para darlle a volta ao basket average.

Os de Vista Alegre non se resignaron a ser convidados de pedra ao desenlace da liga, na que están en xogo os dous billetes para a Liga Galega Preminibasket e mais o título de campión provincial.

O máis beneficiado pola vitoria mariñá é Oribio Construcciones CB Sarria, que ten na súa man o asalto ao liderado na vindeira xornada, no duelo directo fronte a Estudiantes Azul. O derbi da derradeira xornada, entre Estudiantes Azul e Estudiantes Rojo, o outro candidato,

podería ter a última palabra.

Premini feminino

Adrián Salgado CB Sarria superou ante Franciscanos un dos test máis duros do que resta de liga. As sarriás venceron ás colexiais e deixan a loita pola primeira praza da liga nun pulso con Maria Auxiliadora, que esta fin de semana tamén fixo os deberes ao impoñerse a Afan Burela. A xornada completouse con triunfos de Fingoi e MGR Sarria.

Minibasket masculino

O CB Celtas entra con paso firme no sprint final pola liga. Tras a vitoria ante Ribadeo, os de Foz seguen a descontar xornadas para atoparse con Cidade de Lugo, único rival polo título. Os capitalinos tamén gañaron, a Estudiantes Rojo. Cristo Galicia CB Sarria e Maria Auxiliadora completaron o elenco de vitorias da xornada.



Minibasket | Franciscanos – Maria Auxiliadora



Minibasket | Franciscanos – Maria Auxiliadora



Minibasket | Franciscanos – Maria Auxiliadora



Minibasket | Franciscanos – Maria Auxiliadora

CLASIFICACIÓN DE PUNTOS MASCULINO | FEMININO | MIXTO

Puntos JÚNIOR MASCULINO			Puntos CADETE MASCULINO			Puntos JÚNIOR FEMININO			Puntos CADETE FEMININO			Puntos INFANTIL MIXTO		
Xogador	Equipo	Ptos.	Xogador	Equipo	Ptos.	Xogadora	Equipo	Ptos.	Xogadora	Equipo	Ptos.	Xogador/a	Equipo	Ptos.
JANUSEVICIUS	Estudiantes	519	XOSÉ	CB Viveiro	300	CARMEN	Ensino	311	NATALIA	Ensino	283	CARLOS	CB Viveiro	376
MARK	Estudiantes	375	OLLOQUI	Estudiantes	294	MARINA	Ensino	264	NURIA	Ensino	267	PABLO	Sagrado	324
IAGO	Estudiantes	251	IKER	CB Ribadeo	292	JESSI	CB Ribadeo	261	CLAUDIA	Estudiantes	244	ÁLVARO	Burela 06	272
MARIO	CB Ribadeo	237	PEDRO	Estudiantes	234	FÁTIMA	CB Ribadeo	200	YASHINA	Estudiantes	236	MIGUEL	Ensino	240
DANI	Hierros	236	ÁLVARO	Estudiantes	211	LEBOREIRO	Ensino	177	IRENE	CB Ribadeo	220	JULIÁN	Sagrado	234
LUIS	Estudiantes	195	MARIO	S. Ciprián	200	ANA C.	CB Ribadeo	170	MARTA	T. Mariña	199	PABLO	Ensino	215
JULIÁN	Hierros	186	CRISTIAN	CB Ribadeo	199	NATALIA G.	Ensino	146	MAITE	Ensino	180	JORGE	CB Ribadeo	213
LUCAS	Estudiantes	142	MANU R.	CB Ribadeo	199	MAITE	Ensino	144	IRENE	E. Rojo	165	MARCOS	Burela 05	208
CABE	Estudiantes	136	JUAN B.	E. Rojo	189	NURIA	Ensino	114	ANDREA	CB Ribadeo	155	SAMUEL	Sagrado	198
JUAN	Hierros	122	HUGO	S. Ciprián	188	IRENE	CB Ribadeo	111	MARÍA	E. Rojo	152	LUCAS	CB Ribadeo	189
DIOBIS	CB Viveiro	119	MARIO	Ensino	178	KRISTINA	Ensino 2	110	ANA	CB Viveiro	142	SIMÓN	CB Ribadeo	189
ADRIÁN	Hierros	115	JORGE	Estudiantes	175	ADRIANA	Ensino 2	100	ENMA	Estudiantes	129	CAROLINA	Ensino	189
JORGE	Estu 2	109	BRAIS	CB Viveiro	169	NATALIA	Ensino	99	JULIA	CB Ribadeo	121	VÍCTOR	Estu 05	186
DIEGO	Estu 2	109	IAGO	E. Azul	156	CARMEN	Ensino 2	91	LORENA	Ensino 03	116	DANI	CB Ribadeo	181
ADRIÁN P.	CB Ribadeo	99	ÁLEX	Sagrado	147	ALEJANDRA	Ensino 2	73	SARA	CB Ribadeo	115	DIEGO	Burela 05	173
MARTÍN	Hierros	97	MIGUEL	S. Ciprián	145	IRIA	Ensino 2	66	MARTA C.	Ensino 03	103	LUIS	CB Viveiro	167
ALBERTO	CB Ribadeo	95	PABLO G.	E. Rojo	142	SARA	CB Ribadeo	62	ALDARA	CB Ribadeo	100	JULIA	Estudiantes	155
JULIÁN	CB Burela	91	DANI	Estudiantes	142	LUCÍA	Ensino 2	54	ANY	Ensino	99	CARLOS	Burela 05	154
ÁLEX	CB Burela	90	DIEGO	S. Ciprián	135	PAULA	Ensino 2	48	CARME	CB Viveiro	90	ANTÓN	Burela 05	152
MATEO	CB Viveiro	87	ANXO	Estudiantes	134	TANIA	Ensino	47	ELENA	CB Viveiro	88	HELENA	CB Viveiro	151
DARLING	CB Ribadeo	81	DANI	Sagrado	134	ANY	Ensino 2	45	SILVIA	Ensino 03	86	ALEJANDRA	Estudiantes	149
DAVID	Hierros	75	MANU M.	CB Ribadeo	130	ZELTIA	Ensino 2	40	LUCÍA	E. Azul	83	ADRIANA	T. Mariña	142
MIGUI	CB Ribadeo	73	ELOY	Estudiantes	122	ALDARA	CB Ribadeo	39	NÉSTOR	Ensino 04	83	SAGRADO	Sagrado	141
PIEDRA	Estu 2	73	SERGIO	Estudiantes	112	LUCÍA M.	Ensino 2	34	MERCHE	E. Azul	82	FABIO	Burela 06	138
JORGE	Estudiantes	70	SAMUEL	Ensino	111	JULIA	CB Ribadeo	29	LAURA	Estudiantes	82	SARA	Burela 05	132
IVÁN	Estudiantes	65	SEBAS	Ensino	102	ANDREA	CB Ribadeo	22	LARA	Ensino 03	81	NICANOR	CB Viveiro	126
DAVID	CB Viveiro	64	ANDRÉS	E. Azul	100	MARÍA	CB Ribadeo	17	LUCÍA	Ensino	77	RAMI	Ensino	125
DIEGO	Estudiantes	62	LUCAS	E. Azul	99	ALEJANDRA	Ensino	11	REBECA	T. Mariña	77	CARMEN	T. Mariña	122
XOSÉ	CB Viveiro	61	RAFA	E. Azul	99	MARINA	CB Ribadeo	10	ANTÍA F.	T. Mariña	75	MARCOS	Estu 05	121
PABLO	CB Ribadeo	54	MARTÍN	S. Ciprián	96	UXÍA	Ensino	9	LIAN	E. Rojo	74	JORGE	Ensino	120



Eloy presionando a saída de balón dun xogador rival



Mesfin encarando con decisión o aro rival no Anexo



Samuel Neira encarando a un xogador compostelán

Luces e sombras no partido de Estudiantes ante Peleteiro no Anexo

A MAIOR REGULARIDADE DOS COMPOSTELÁNS desnivelou o marcador ao seu favor nos dous últimos parciais do encontro

67	88
ESTUDIANTES	PELETEIRO
Xogador	Pts.
Rubén	Miguel
Eloy	Fuentes
Nayo	Pérez
Bosco	Montero
Mesfin	Morales
Pablo	Raviña
Diego	Beltrán
Hugo	Carballal
Samuel	Bueno
Antonio	Salgueiro

Estudiantes acusou a falta de regularidade no seu xogo ante un Peleteiro máis lineal no Anexo, onde os composteláns impuxéronse nun partido con alternativas no xogo e no marcador.

De inicio reinou a igualdade con lixeiro dominio dun Estudaintes que saía ben da presión e que con boas defensas tomou o mando no marcador, 16-12

“No ha sido uno de nuestros mejores partidos, se ha notado la falta de concentración”

ZAIDA IGLESIAS Estudiantes Lugo

ao final do primeiro parcial, mentres que no segundo Peleteiro subiu unha marcha máis ao xogo e Estudiantes non atopou o seu ritmo habitual, cometendo erros que aproveitaron os visitantes para asinar un segundo parcial de 4-27 que levaba o marcador ata 20-39. Lonxe de baixar os brazos, os de Zaida Iglesias recuperaron o pulso e volveron impoñerse no terceiro parcial, 10-16 para chegar ao descanso con 30-55.

No intermedio Estudiantes mentalizouse de ir a polo partido e cun cuarto parcial de 22-6, os celestes metéronse de cheo e soñaron coa remontada, chegando aos dous últimos con 52-61 no marcador.

22-6

CUARTO PARCIAL co que Estudiantes chegou a soñar coa remontada tralo 30-55 co que se chegou ao descanso no Anexo

O esforzo pasou factura e Peleteiro chegou mais enteiro fisicamente ao tramo final do encontro, no que cometeu menos erros.

Nos dous últimos tantos os composteláns impuxéronse cun global de 9-33 co que levaron o marcador ata o definitivo 67-88 nun partido con moitos altibaxos e con momentos de dominio por parte de ambos equipos.

O sprint final descolgou ao Ría de Ribadeo

MÁXIMA IGUALDADE ata o desenlace final, ao que os de Sama chegaron moi xustos de forzas

45	76
RIBADEO	CULLEREDO
Xogador	Pts.
Mauro	López
Nacho	2
Héctor	4
Andrés	Quintela
Iván	Martínez
Diego	9
Matin	Noceda
Zoe	19
Alex	Iglesias
Hugo	2
	Blanco

“Nos falta un poco más de consistencia en estos partidos para conseguir competir hasta el final”

SAMA Ría de Ribadeo

Ribadeo cada vez está mais preto do premio da vitoria. Nesta xornada aos de Sama fíxoselles demasiado longo o encontro, xa que durante os primeiros catro parciais mantivéronse na loita con distancias no marcador que non superaban os 10-12 puntos.

Os mariñaos baleiráronse, en canto a esforzo nada se pode pedir, pero ese sobre-

esforzo pasou factura na recta final do encontro, ao que chegaron coa luz da reserva acesa. Culleredo aproveitouno para desnivelar o marcador ao seu favor con dous últimos parciais de 8-14 e 1-14.

Martin, con 19 puntos, foi o máximo anotador do Ría de Ribadeo e unha dor de moas para os visitantes, incapaces de defendelo durante moitas fases do encontro nas que plantaron unha seria batalla.

Un proceso duro, pero que será fortalecedor

MGR SARRIA mediuse a un rival moi superior fisicamente nun partido que os fará mellores

24	74
MGR SARRIA	ROSALÍA
Xogador	Xogador
Alex	Portabales
Brais	Dorrego
Fausto	Hermo
Dimas	Paz
Mateo L.	Saavedra
Xabelo	Cerveira
Mateo C.	Valdés
Alvaro	López
Sergio	Bellón

Ninguén dixo que a travesía de Sarria polo grupo élite da Liga Galega alevín sería fácil, pero o que é seguro é que os de Xabi López-Acevedo rematarán a competición sendo mellores xogadores.

Os sarriaos seguen lastrados polas ausencias, e iso ante equipos tan potentes e sobre todo físicos como Rosalía págase con derrotas. Os composteláns son aspirantes ao título Galego e realizaron unha presión

“Mucha diferencia entre uno de los mejores equipos gallegos y el nuestro, aún con bajas importantes”

XABI LÓPEZ-ACEVEDO Sarria

alta en Novo Chanto coa que tomaron o mando no marcador e ampliaron as distancias co paso dos minutos.

En ataque a Sarria custáballe atopar vías para anotar, e en defensa sufrían para frear o potencial reboteador dun Rosalía que pechou o marcador no cuarto parcial. A partir de aí, sen a presión do marcador, viuse un partido máis igualado con reparto de minutos entre todos os xogadores.

Recuperando efectivos e boas sensacións

ESTUDIANTES VOLVEU Á SENDA DA VITORIA no regreso de Alma ás pistas trala lesión

36	77
BAXI FERROL	ESTUDIANTES
Xogadora	Xogadora
Lara	Carlota
Sofía	Nerea
Cloe	Lucía
Candela	Marina
Laura	Laura
Sofía	Eva
Carmen	Valle
Maria	Daniela
Luna	Alma
	Henar
	Paula

Cuarto partido da tempada para Estudiantes ante Baxi Ferrol, e a mellor noticia non foi a vitoria nin o bo xogo durante moitos momentos. O mellor foi a volta de Alma ás pistas tras un mes lesionada.

Ferrol, un equipo xa coñecido e que suscita defensas uno para un, tivo unha contundente resposta por parte de Estudiantes, que volveu á senda da vitoria recuperando por momentos as

“Tenemos muchas ganas de recuperar a todas las niñas y poder jugar un partido todas juntas”

FERNÁN VARELA Estudiantes

súas mellores sensacións. O lunar estivo na saída de balón en contraataque e á hora de cargar o rebote ofensivo, pero neste encontro non tivo consecuencias pola superioridade celeste.

Na segunda parte, con Ferrol defendendo na súa pista, Estudiantes atacou de lonxe pero aos poucos atopou vías para anotar desde media distancia para alzarse con una merecida vitoria.



Carlos trata de superar a presión dun xogador rival



O colexial Juan G. coa pelota nunha acción de ataque



Juan A. subindo unha xogada de contraataque

Maristas gaña en equipo

PRIMEIRA VITORIA NA SEGUNDA FASE nun encontro no que os de Óscar Engroba gañaron catro dos seis parciais e empataron outro ante Jesuitas no Anexo

49	47
MARISTAS	JESUITINAS
Xogador	Pts
Juan A.	Acebal
David	Bra
Juan G.	Gutiérrez
Nadia	Pérez
Maria C.	Comesaña
Jorge	Alonso
Mara	Blasco
Carlos	Díaz
Pablo	Rodríguez
Javi	Estevez
Nestor	

Maristas volveu saborear a vitoria na Liga Galega minibasket tras impoñerse a Jesuitas no Anexo e poñerse con tres triunfos e tres derrotas na clasificación.

“Anotaron ocho jugadores del equipo, así somos mejores y más fuertes como grupo” ÓSCAR ENGROBA Maristas

A regularidade e a aportación de todos os xogadores, anotando puntos oito deles, ao longo de todo o encontro foi a clave. xa que dos seis parciais disputados Maristas impúxose en catro deles, empatou outro e só perdeu un.

O partido empezou de poder a poder, 10-9, mentres que no segundo parcial Maristas pasou polos

seus peores momentos ante unha presión a toda pista coa que Jesuitas lle deu a volta ao marcador. Lonxe de poñerse nerviosos, os lucenses apelaron á forza do grupo, dando un paso á fronte para chegar ao descanso cun axustado 19-23 no electrónico.

Na segunda parte Maristas deulle continuidade aos seus bos

3

VICTORIAS E DERROTAS Maristas iguala rexistros na segunda fase, na que intentarán poñerse en positivo na próxima xornada ante Noia

momentos, impoñéndose nos tres sextos do segundo tempo nos que tan só un parcial final de Jesuitas de 0-6 deulle un pouco de emoción aos instantes finais nos que os lucenses conseguiron ter as ideas claras para volver á senda da vitoria.



Juan G. busca un bo pase entre dous rivais



Nacho Mota, primeiro na fila de enriba á dereita, e Álvaro Ben co número 63

O baloncesto lucense estará presente nos Campeonatos de España

O XOGADOR DO CB BURELA, ÁLVARO BEN, E OS ADESTRADORES NACHO MOTA E DAVID MARTÍNEZ formarán parte dos combinados galegos en Cádiz



David Martínez, do Ensino Galén, é o adestrador da Selección alevín feminina

O base do CB Burela, Alvaro Ben, xogará o Campionato de España coa selección galega masculina.

O burelao será o único xogador lucense na convocatoria dos combinados galegos, que terán representantes lucenses nos banquinhos: Nacho Mota, do CB Ribadeo, repetirá como delegado do equipo masculino, e David Martínez, de Galén Ensino, como seleccionador feminino.

Do 13 ao 17 de abril, en San Fernando (Cádiz) disputarase o campionato que o combinado masculino afronta con ganas de resarcirse e volver á categoría Especial B. Melilla, Extremadura, Ceuta e Castilla La Mancha serán os seus rivais na primeira fase do torneo.

Pola súa banda, a selección feminina, na categoría Especial B, terá como rivais a Andalucía, Asturias, Madrid e País Vasco.

Últimos ensaios

As seleccións galegas concentráronse este domingo na Estrada para preparar a cita. A vindeira fin de semana farán un último ensaio xeral nun torneo en Miranda de Ebro.

A axenda de preparación completárase o 6 de abril, cunha última concentración na localidade pontevedresa, onde farán os últimos axustes antes de viaxar a terras andaluzas.

FICHAS PARTIDOS • FRASES INFANTIL 2ª MASCULINO

“Un mal primer cuarto nos condena en un encuentro en el que ganamos los tres últimos parciales”

RIOBÓO Franciscanos

“Partido muy intenso y con ritmo por parte de ambos equipos”

JUANMA Cidade

“Buen derbi donde se vieron buenos detalles de los alevines e infantiles de primer año. Los infantiles de segundo año de MGR siguen mejorando cada día”

RUBÉN PERNAS CB Sarria

“Impusimos un gran ritmo de partido desde el inicio”

ALFONSO FRANCO Ensino

“Totalmente superior en todo el Ensino, mucha falta de intensidad en todo”

ÁLEX/JULIO Viveiro

“Encontro moi completo do noso equipo ante un rival con moitas baixas”

ALBERTO MÉNDEZ CB Celtas

“Partido entre equipos muy desiguales”

MANOLO COBAS CB Burela

Triunfo local no último minuto

FRANCISCANOS		CIDADE	
51		54	
Xogador	P.	Xogador	P.
Isma		Adrián	
Santi		Miguel	
Pi		Sergio	
Centeno		Xacobe	
Martin		Diego	
Javi		Ángel	
Mateo		Miguel	
Bosco		Alex	
Antonio		Nacho	
Pablo		Jackiel	
Brais			

Tres xeneracións no Novo Chanto

AG ELEVADORES		MGR SARRIA	
28		48	
Xogador	P.	Xogador	P.
Anxo		Urko	
Christian		Antón	
Nicolás		Xabi	
Slatel		Pablo G.	
Martin		Oscar	
Mateo		Christian	
Sergio		Izan	
Xabelo			
Fausto			

Ensino marcou o ritmo do partido

ENSINO		VIVEIRO	
76		26	
Xogador	P.	Xogador	P.
Rami	12	Carlos	22
Miguel	14	Luis	4
Jorge	8	Nicanor	
Álvaro	10	Rubén	
Diego	7	Miguel	
Pablo	21	Amadou	
Álex	2	Pablo	
Sergio		Juan	
Elias		Marcos	
Jesús			

0 Celtas non deu opcións ao Burela

CB CELTAS		CB BURELA	
	69		19
Xogador	P.	Xogador	P.
Manu		Simón	2
Dani		Nico	6
Gonzalo		Pablo	
Hugo		Hugo	
Miguel		Jorge	
Marco		Sergio	
Gaizka		Xoel	4
Lucas		David	
Israel		Mario	7
Rubén		Raúl	
		Daniel	



Carlos Bris baixo o aro ante Sergio, Álex e Rami



Carlos, CB Viveiro, a piques de lanzar ante Jesús e Rami

Ensino rematará primeiro a liga regular feminina. O equipo de Aigor Romo asegurou a posición de privilegio na antepenúltima xornada cunha vitoria ampla sobre Cidade de Lugo.

As ensinistas, que se manteñen invictas con 14 triunfos noutros tantos partidos, xogarán na casa o encontro de volta da eliminatoria polo título que disputarán contra o segundo clasificado, Academia A Mariña CB Burela 05, os vindeiros 27 e 28 de abril.

O refrendo matemático do liderado de Ensino chegou nunha xornada con triunfos tamén para Franciscanos, CB Sarria e Estudiantes.

As colexiais pasan por un momento doce tras enlazar en Lourenzá o terceiro triunfo. As de Anxo Nadela levaron a iniciativa desde o inicio que saíron á cancha ante un Terras da Mariña que non chegou a competir polo triunfo.

Estudiantes superou na Frigsa a un Viveiro que chegaba ao encontro mermando, con só seis xogadoras. As da Mariña non puideron aguantar o tirón e acabaron encaixando unha derrota avultada.

Por último, o CB Sarria venceu a Galén Ensino nun encontro con dúas partes diferenciadas. As de Maisa fixeron valer a súa mellor primeira parte para disputar un encontro cómodo.



A viveirense Marta entre Leyre e Julia, de Estudiantes



Daniela coa pelota defensiva pola celeste Alejandra



Celia García, de CB Viveiro, nun contraataque ante Leyre

Infantil masculino

Na liga masculina, Cafés Candelas Ensino aproveitou a visita a Viveiro para meter presión a Sagrado Corazón, que aprazou o partido contra Ribadeo correspondente a esta xornada para o 7 de abril. A vitoria en Viveiro sitúa aos ensinistas na cabeza da clasificación provisionalmente.

Confirmase que non hai marxe de erro para os de Engraba, que teñen ante os ribadenses, nun bo momento de forma, a proba a priori máis dura do treito final da competición.

Na zona alta da táboa, a fin de semana deixou

tamén a previsible vitoria do Celtas ante o Burela. A diferenza física foi un hándicap insalvable para os de Manolo Cobas, que xa encaixaron un parcial de 22-5 no primeiro cuarto.

No Anxo, Estudiantes impuxo con claridade a un Viveiro que fiou a Carlos todo o seu bagaxe ofensivo pero que non tivo opcións.

A xornada completouse co derbi no Novo Chanto, onde tres xeneracións do CB Sarria –alevins e infantís de primeiro e segundo ano– protagonizaron un encontro con destellos de calidade nas dúas pistas no que se impuxo a lóxica da idade.

FICHAS PARTIDOS • FRASES INFANTIL 2ª FEMININO

Franciscanos, nun momento doce

T. MARIÑA		FRANCISCANOS	
	47		65
Xogadora	P.	Xogadora	P.
Lia	10	Ana	
Maria		Maria	
Adriana	7	Carmela	
Carmen	14	Lucia	
Diana	16	Laura	
Fátima		Ángela	
Antia		Pilar	
		Celia	
		Andrea	
		Miriam	

“Nos superaron en todo momento, toca entrenar máis”

MARIANO Terras da Mariña

“Momento importante donde ya aportan todas las jugadoras”

ANXO NADELA Franciscanos

“Nos tenemos que quedar con el juego de la segunda mitad y recordar la primera para no cometer errores”

AMIR TABOADA Galén Ensino

“Jugamos a ráfagas, pero tuvimos buenos momentos para encontrar sensaciones positivas”

MAISA CB Sarria

“Hicimos un buen partido”

NICO Estudiantes

“Jugamos hasta que el físico aguantó. Estoy muy orgulloso de ellas”

MARCO CB Viveiro

“El resultado no refleja la diferencia”

ANXO NADELA Cidade

“Seguimos trabajando en aspectos técnico-tácticos para futuros compromisos”

AIGOR ROMO Ensino

Sarria administra a renda inicial

GALÉN ENSINO		SARRIA	
	37		59
Xogadora	P.	Xogadora	P.
Nuria	4	Mencia	
Antonella	11	Andrea	
Marta	12	Marta	
Idaira	2	Gabriela	
Alejandra F.		Noa	
Carla V.		Uxia	
Maria	2	Cata	
Ainoa		Angela	
Claudia		Claudia	
Icia	6	Sara	
		Lucia	

Partido cómodo para Estudiantes

ESTUDIANTES		VIVEIRO	
	62		18
Xogadora	P.	Xogadora	P.
Julia	12	Diana	6
Marta	10	Daniela	2
Lucía G.		Celia García	4
Lucía M.		Bea	4
Eva	2	Aymara	
Carmen	10	Marta	2
Alejandra	12		
Leyre	8		
Almoína	8		
Lola			

Ensino asegura a primeira praza

CIDADE		ENSINO	
26		70	
Xogadora	P.	Xogadora	P.
Sara		Emma	8
Noelia		Carla	10
Guadalupe		Antia	7
Furenacho		Sara	6
Sabela		Paula	2
Cristina		Laura	3
Candela		Carolina	13
Aroa		Varela	
Lucia		Quiroga	3
Sanna		Raquel	4
Deme		Daniela	5
		Aisinda	5



Os xogadores do San Ciprián co seu adestrador, Manolo Cobas, posan como campións de Liga cadete masculina tras vencer a Estudiantes Azul, rival directo polo título, na Veiga

FICHAS PARTIDOS • FRASES CADETE 2ª MASCULINO

“Felicitó a los jugadores por la consecución del título a falta de dos jornadas”

MANOLO COBAS San Ciprián

“La mala defensa nos hizo ir por debajo todo el partido”

ANDRÉS CORRAL Estudiantes Azul

O Suministros Carreiras San Ciprián Burela proclamouse este domingo campión da liga cadete.

O club mariño logrou o seu primeiro título provincial cun grupo de xogadores que sorprendeu ao baloncesto lucense no seu debut hai dúas temporadas, no

O título quedou en San Ciprián

SAN CIPRIÁN		ESTU AZUL	
Xogador	P.	Xogador	P.
Miguel	13	Lucas	
Mario	19	Manu	
Luis	1	Andrés	
Diego F.	8	Iago	
Martino	8	Rafa	
Manuel	2	Dani	
Diego Novoa	2	David	
Hugo	19	Jaime	
Alex		Borja	
Lucas		Nacho	
Marcos			

“Gran primera parte disputada por el equipo”

JESÚS PLACER Estu Rojo

“Lo mejor del partido, sin duda, que Adrián volviera a jugar después de 11 meses apartado de las pistas”

SAMA Ribadeo

Estudiantes Azul, que chegaba ao partido coa posibilidade de poñerse a unha vitoria a dúas xornadas para o final da liga.

Os de Manolo Cobas saíron polo partido e asinaron un gran primeiro parcial no que, moi inspirados de cara ao aro, conseguiron irse 14 puntos arriba, 24-10.

Ribadeo apertou na segunda metade

ESTU ROJO		CB RIBADEO	
Xogador	P.	Xogador	P.
Pablo	7	Iker	29
Alex Bao	7	Cristian	5
Adrián	22	Manu Rguez.	21
Diego	2	Dario	11
Juan R.	2	Manu Mtez.	5
Juan Bao	12	Daniel	4
		Anxo	
		Joaquín	

No segundo parcial os celestes enderazaron o rumbo e conseguiron darlle a volta ao marcador cun parcial de 6-18 tras dez minutos nos que a canastra se fixo pequena para os de San Cibrao.

Co marcador axustado, 30-28, tras unha primeira metade de dominio alterno,

“Hemos visto más y mejor circulación de balón algo que si seguimos mejorando los hará mejores jugadores”

RUBÉN PERNAS MGR Sarria

“Partido que sirvió para disfrutar y mejorar como un entreno más”

JAVI MOYA Oral Design

a clave do partido estivo na saída á pista tras o paso polos vestiarios.

Con intensidade defensiva e dominio do rebote, o San Ciprián comezou a correr ao contraataque e a facer dano a un Estudiantes que, pouco a pouco, se iba quedando atrás no marcador: 21-14 no terceiro

Compañeirismo sobre a rivalidade

ORAL DESIGN		MGR SARRIA	
Xogador	P.	Xogador	P.
Xabi		Carlos	
Christian		I. Chao	
Tomás		Santiago	
Iago		Juan	
Arza		Martin	
Unax		Florian	
Antón		Héctor	
Miguel		Eros	
Urko			
Hugo			
Santiago			
Iago Yáñez			

periodo e 21-9 no último. O título masculino queda decidido a falta de dúas xornadas para o final, nunha fin de semana que tamén deixou vitorias de CB Ribadeo ante Estudiantes Rojo, que volvía contar con Adrián despois de case un ano, e de MGR Sarria, que se impuxo no derbi sarriao.

FICHAS PARTIDOS • FRASES JÚNIOR 2ª FEMININO

Ribadeo segue a crer no ascenso

CB RIBADEO		ARTAI	
Xogador	P.	Xogador	P.
Aldara	2	Pose	
Marina		Suárez	
Jessi	11	Teixeira	
Fátima	2	Vigo	
Andrea	2	Suárez	
Ana Canel	20	Casal	
Sara	7	Couto	
Irene	14	Teixeira	
Maria		Couto	
Julia		Ferrol	

“El gran trabajo de mis jugadoras las está llevando a una temporada épica”

JOSE Ribadeo

2

VITORIAS NUNHA SEMANA

Ademais de vencer a Artaí o domingo, Ribadeo impúxose a Pontumio o venres, nun partido correspondente á sexta xornada, que adiantaron. As de Jose impuxéronse por 50 a 55 en Pontevedra.

“El segundo y el último cuarto son un buen camino a seguir”

AIGOR ROMO Ensino

Ensino despega no segundo cuarto

LOS ROSALES		ENSINO	
Xogador	P.	Xogador	P.
Puñal		Kristina	13
Alvarez		Carmen	10
Arca		Lucía	9
Vázquez		Zeltia	6
Fornillo		Lucía M.	12
Sesar		Lia	2
Lorenzo		Paula	
Canosa			
García			



Mario lanzando a canastra ante Adrián e David de Hierros

O Ribadeo non renuncia a nada. As mariñas lamerón as feridas da derrota contra Basquet Coruña cunha vitoria na casa ante Artaí, e seguen á espera dun tropezo das coruñesas que lles dea a chave da primeira praza de cara ao partido de volta. Con ese obxectivo enfrontaban o partido deste sábado ante Artaí que decidiron no terceiro cuarto, cun axuste defensivo que deixou ás de Carballo en catro puntos, 15-4. Ensino volveu vencer

a Los Rosales, desta volta a domicilio, con vinte minutos extraordinarios no segundo e no derradeiro cuarto.

Na liga masculina, Ribadeo tamén repetiu triunfo ante Esclavas, sen Alberto e sen Roi. Os de Rubal, que van mellorando as sensacións nesta segunda volta, seguen agardando xogar un partido co plantel ao completo. Hierros, pola súa banda, non tivo opcións ante KFC Culle, o equipo con máis centímetros do grupo.

FICHAS PARTIDOS • FRASES JÚNIOR 2ª MASCULINO

“Unha boa segunda parte que certifica a melloría do equipo na segunda volta”

RUBAL Ribadeo

2ª

VITORIA DO RIBADEO

nesta segunda fase do campionato, de novo ante Esclavas, ao que xa venceran no encontro de ida. Os ribadenses fixéronse donos do partido tras un primeiro cuarto igualado.

“Superados por un equipo muy grande físicamente”

ÓSCAR ENGRUBA Hierros

Ribadeo foi de menos a máis

ESCLAVAS		CB RIBADEO	
Xogador	P.	Xogador	P.
Legaspi		Alex	
Bastilleiro		Pablo	9
Losada		Carlos	4
Tuñón		Mario	21
Rodriguez		Carreira	
Vamonde		Miguel	8
Arrojo		Gau	11
Barreiro		Adrián	9
Chico		Darling	
Fernández		Jose	
Rocha			
Herrero			

Culleredo impuxo a superioridade física

KFC CULLE		HIERROS	
Xogador	P.	Xogador	P.
García, A.		Mario	
Gayoso		Juan	9
Gómez		Adrián	
García, P.		Miguel	2
Otero		Julian	8
Valiño		Martin	
Pozo		Mateo	
Da Costa		David	2
		Alex	
		Dani	16
		Pablo	



A DEPUTACIÓN
DE LUGO
CO DEPORTE

IV CAMPUS

ÁLEX LLORCA

MÁIS DUN CENTENAR DE RAPACES E RAPAZAS serán protagonistas na cuarta edición coa que colabora a Deputación de Lugo entre os días 8 e 14 de xullo

O Deputado Pablo Rivera Capón, o Concelleiro de Deportes de Lugo, Miguel Fernández Méndez, o Xefe Provincial de Deportes, Manuel Otero, o xogador Álex Llorca, e o Director Deportivo da AX Sagrado Corazón, Rubén Engroba, presentaron este luns no Pazo de San Marcos a cuarta edición do Campus Álex Llorca, que se celebrará na capital luguesa do 8 ao 14 de xullo. O campus está organizado pola Asociación Xuvenil Sagrado Corazón (AXSC) e celebrarase no Pazo dos Deportes de Lugo e nos pavillóns anexos. Ata a data xa hai máis de 50 inscritos procedentes de todas as provincias de Galicia, así como de Castela e León, Madrid e Barcelona.

Pablo Rivera agradeceu a Álex Llorca a súa aposta decidida polo baloncesto e sinalou que "contribuímos a facer posible este campus, que ten a capacidade de difundir valores, é un encontro deportivo moi proveitoso para os nenos xa que combina múltiples actividades".

Fernández Méndez destacou a tradición do deporte de baloncesto na cidade de Lugo e afirmou que "dende o Concello apostamos por programacións relacionadas co deporte e a actividade física. Durante unha semana damos a posibilidade de transmitir valores aos participantes deste campus".

Pola súa parte, Álex Llorca agradeceu a colaboración de Deputación e Concello e apuntou que "os nenos interesados en participar poden apuntarse a través da web do campus na que existen tres rexistros de inscrición".

Inscricións e prazas dispoñibles

O campus está dirixido aos rapaces e rapazas nados entre os anos 2001 e 2011, terán a posibilidade de inscribirse baixo tres modalidades: réxime externo, semiexterno ou interno. O campus conta con oito pistas cubertas de parqué flotante para nenos e nenas. Como Residencia para internos e lugar para comidas e ceas empregaranse as instalacións do CE Santa María. Así mesmo, o Concello de Lugo pon a disposición dos participantes as piscinas municipais para os momentos de lecer. O director técnico é Mateo Rubio, primeiro adestrador do equipo júnior do Fútbol Club Barcelona. Toda a información irase publicando nas redes sociais do campus e na web do mesmo www.campusalexllorca.com, onde ademais poderán inscribirse xa e sumarse aos preto de medio centenar que xa se apuntaron. En total hai preto de 120 prazas dispoñibles.

Adestramento con Álex Llorca

35 nenos e nenas participaron no adestramento gratuito co xogador profesional no Anexo o pasado domingo. Aproveitando a visita do seu equipo, o Fuenlabrada, para medirse co Breogán no Pazo, Llorca presentou o Campus e realizou un adestramento no Anexo con todos os que quixeron asistir.



A cuarta edición do Campus celebrarase en Lugo do **8 ao 14 de xullo**, empregando como instalacións de adestramento o Pazo dos Deportes e o seus anexos

Está dirixido a rapaces e rapazas **nados entre os anos 2001 e 2011**, que terán a posibilidade de inscribirse baixo tres modalidades: réxime externo, semiexterno ou interno

A información publicarase nas redes sociais do campus e na web do mesmo **www.campusalexllorca.com**. Xa están abertas as inscricións e contan con máis de 50 solicitudes



A DEPUTACIÓN
DE LUGO
CO DEPORTE

